

Fene celebra un ciclo de faladoiros previo á entrega do Blanco Amor

Publicado por **Redacción**

XXX PREMIO DE NOVELA LONGA 2012
Eduardo Blanco Amor
Ciclo de Tertulias con gañadores de anteriores edicións

Xoves, 20 de setembro
Tertulia con **Victor F. Freixanes**
conducida por **Mercedes Queixas**

Xoves, 4 de outubro
Tertulia con **Xesús Rábade Paredes**
conducida por **Verónica Martínez Delgado**

Xoves, 11 de outubro
Tertulia con **Xavier Alcalá**
conducida por **Alfredo Ferreiro**

Xoves, 25 de outubro
Tertulia con **Valentín Carrera**
conducida por **Tati Mancebo**

Xoves, 8 de novembro
Tertulia con **Francisco Castro**
conducida por **Carlos Negro**

Xoves, 22 de novembro
Tertulia con **Inma López Silva**
conducida por **Mercedes Queixas**

Todas as tertulias terán lugar ás 19:00 h. na Casa da Cultura de Fene

FENE
FEDERACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

A Concello de Fene, en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, ven de programar un ciclo de faladoiros con gañadores de anteriores edicións do Premio de Novela Longa "Eduardo Blanco Amor". Este premio literario, un dos máis senlleiros e de máis tradición do país, convócano anualmente máis de cincuenta concellos galegos, rotando a súa organización. Este ano será Fene o concello encargado.

O primeiro destes faladoiros, conducido por Mercedes Queixas, terá lugar o vindeiro xoves, 20 de setembro ás 19.00 h. na Casa da Cultura de Fene e contará coa participación de Víctor F. Freixanes, gañador do Blanco Amor en 1982 coa novela O triángulo inscrito na circunferencia.

Na escolma de autores e autoras participantes no ciclo procurouse garantir a presenza daqueles escritores que gañaron nas edicións do Premio que tiveron lugar na comarca de Ferrolterra (Víctor F. Freixanes, Mugardos 1982; Valentín Carrera, Narón 1990; Francisco Castro, Neda 2005; e Xesús Rábade Paredes, Cedeira, 2006), de autores de Ferrolterra que obtiveron este galardón (Xavier Alcalá) e con algunha das tres mulleres gañadoras do Premio (Inma López Silva).

Programa completo de faladoiros.

Xoves, 20 de setembro, tertulia con Víctor F. Freixanes conducida por Mercedes Queixas.

Xoves, 4 de outubro, tertulia con Xesús Rábade Paredes, conducida por Verónica Martínez Delgado.

Xoves, 11 de outubro, tertulia con Xavier Alcalá, conducida por Alfredo Ferreiro.

Xoves, 25 de outubro, tertulia con Valentín Carrera, conducida por Tati Mancebo.

Xoves, 8 de novembro, tertulia con Francisco Castro, conducida por Carlos Negro.

Xoves, 22 de novembro, tertulia con Inma López Silva, conducida por Mercedes Queixas.

Estas charlas, que terán lugar ás 19.00 h. na Casa da Cultura de Fene, tanto o condutor/a

como o público participante dialogarán co/coa autor/a gañador/a do Premio Blanco Amor sobre a obra do autor/a e nomeadamente da obra coa que gañou o Premio.